CONCELLO
DE
PADERNE DE ALLARIZ

Rioseco, 7 - 32111 PADERNE (Ourense)
Telf.: 988 29 30 00 - Fax: 988 29 30 25
e-mail: paderne@concellodepaderne.net

MANUEL PEREZ NOVOA (1 para 1)
Alcalde de Paderne de Allariz
Data de Sinatura: 19/05/2025
HASH: b32ac7011a6c6855dd52bb9fc489f04ac7a

EDICTO

INCENDIOS FORESTAIS

A normativa de protección contra incendios forestais obriga que os propietarios, arrendatarios ou usufrutuarios de parcelas que se atopen dentro dos núcleos de poboación ou próximas a calquera vivenda, **TEÑEN A OBRIGA DE MANTELAS LIMPAS de herbas, rastroxos, maleza, lixo, etc... para evitar deste xeito o risco de incendios forestais**.

Nun perímetro de 50 metros, arredor dos núcleos de poboación, ou de calquera vivenda illada, deberase manter o terreo perfectamente limpo libre de vexetación seca e coa masa arbórea aclarada, tal como establece o artigo 21 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Estes traballos deberán estar executados, antes do 31 de maio do 2025.

Nas faixas secundarias (faixas dos 50 metros), non se permite a existencia de maleza nin a existencia das seguintes especies arbóreas:

-Piñeiro, mimosa, mimosa negra, eucalipto, xestas, toxos, silvas, fentos...

Os titulares de fincas que non se atopen limpas, serán RESPONSABLES TANTO CIVIL COMO PENALMENTE, POLOS POSIBLES DANOS QUE SE POIDAN OCASIONAR tanto a persoas ou bens, como consecuencia de incendios forestais nos que a súa orixe sexa a falta de coidado debido das parcelas, sen prexuízo das sancións que se poidan impoñer de conformidade coa lexislación vixente.

O que se pon en xeral coñecemento para os efectos oportunos.

En Paderne de Allariz
O ALCALDE.- Asdo.: Manuel Pérez Novoa

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)

Cod. Validación: 7A4672DEZR6CHK2A4KGS2MSDJ
Corrección: https://padernedeallariz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1